LINGUA GALEGA – CORTAR PALABRAS – CORTAR DÍGRAFOS

Lembra : NON separar ditongos
NON cortar dígrafos (**ch, rr, ll, gu, qu, nh**)
NON deixar unha vogal soa

Indica cal é a forma correcta de partir cada palabra ao final da liña.

- ribeira ▶ ribe-ira ribei-ra
- améndoa ▶ amén-doa améndo-a
- orella ▶ o-rella ore-lla
- carreiro ▶ car-reiro carrei-ro
- piragüista ▶ piragüis-ta piragü-ista

Escribe os nomes das profesións representadas divididos de todos os xeitos posibles.

Ten en conta que todas teñen ditongo.



Selecciona as palabras que están ben partidas ao final da liña.

- es-quío
- com-pás
- xardine-iro
- nes-pra
- a-bano
- cés-pede
- algun-ha
- azuc-re
- ceb-ra
- pau-sa
- carri-ño
- agu-illón
- mil-lo
- an-choa
- que-ixo
- bai-le

LIVEWORKSHEETS

Lembra:

A maior parte dos sons en galego represéntanse cunha soa letra, pero hai algúns que se representan con varias.

SONS	LETRAS	USO DE CADA LETRA
Son G de *gol*	g e gu	g ante a, o, u / gu ante e, i.
Son K de *casa*	c e qu	c ante a, o, u / qu ante e, i.
Son Z de *ceo*	c e z	z ante a, o, u e ao final de palabra / c ante e, i.
Son R forte de *ra*	r e rr	rr entre vogais (*serra*) / r no inicio de palabra e tras consoante (*roda*, *tenro*).
Son B de *bo*	b e v	Depende da palabra (*bo*, *vello*).

Copia e completa coa letra que corresponda: g, gu, z, c, qu, r ou rr.

- Pa★é★eme ★a★o ★e Casimi★o e I★ía non fixesen os debe★es de Lin★ua.
- ★ústanlle moito os espa★etes con ★arne ★e fai o ve★iño do ★ua★to A, Roi.
- As ★onas de ★ápidos dos ★íos son moi pe★i★osas, xa ★e hai moita ★o★ente.
- Ga★deille un pou★o ★o★ido que ★edou do xanta★, pois sei ★e lle ★usta moito.

Ás veces os dígrafos aparecen ao ter que facer cambios ortográficos; tamén podes ter que cambiar as letras dalgúns sons.

Fíxate no exemplo e escribe estas palabras engadíndolles -iño, -iña.

- cunca ▶ *cunquiña*
- ortiga ▶ _____
- cabaza ▶ _____
- pexego ▶ _____
- cazo ▶ _____
- charco ▶ _____
- xerro ➡ _____
- eiruga ➡ _____
- coello ➡ _____
- boca ➡ _____
- moza ➡ _____
- zoco ➡ _____

LIVEWORKSHEETS